



JOSÉ ÁNGEL GARCÍA LÓPEZ

Ferrol, 1972

Licenciouse en Filloxía Hispánica (Sub. Galego-Portugués) na Universidade de Santiago de Compostela e obtivo o grao de Doutor pola Universidade da Coruña. Colaborou en libros,

revistas e congresos sobre temas culturais galegos. O seu labor investigador foi recoñecido coa concesión de premios como o “17 de Maio” da Universidade de Santiago de Compostela, Premio de Ensaio da Universidade de Vigo, Premio de Investigación Xuvenil en Ciencias Sociais e Humanidades da

Deputación de Pontevedra, I Certame Galego de Ensaio da Xunta de Galicia ou o Premio “Centro Ramón Piñeiro” de Ensaio Breve, entre outros. Traballou como Profesor Asociado na Universidade de Murcia e actualmente desenvolve o seu labor docente na Universidade de Alacante.

En lembranza de Curros Enríquez

O TRATAMENTO DO CENTENARIO DO ESCRITOR E DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS DE 1967 NA PRENSA GALEGA

José Ángel García López

O obxectivo deste traballo é a análise das diferentes contribucións e actos en honra de Curros Enríquez realizados por norte do centenario do nacemento deste escritor e mais co gallo do Día das Letras Galegas de 1967, edición na que se conmemoraron a vida e a obra de Curros Enríquez. Por razóns obvias, acollemos nesta panorámica tanto as informacións e opinións aparecidas en xornais da Terra como as publicadas nos órganos de prensa galegos asentados fóra de Galicia. Á hora de clasificar artigos e referencias curtas que co antedito motivo foron recollidos nos medios de comunicación escritos en 1951 e 1967, inclinámonos por facelo atendendo non só ás coordenadas espaciais, senón tamén ó contido das contribucións. Desta maneira, configurámo-los epígrafes que enumeramos a continuación:

1. Actos celebrados en Celanova, vila natal do escritor, arredor do centenario do nacemento de Curros.
2. Actividades realizadas para festexa-lo susodito acontecemento noutras localidades galegas.

3. Conmemoracións levadas a cabo no resto de España en 1951.
4. Accións promovidas polas comunidades galegas no exterior en 1951.
5. Xuízos sobre Curros e a súa obra por norte do centenario.
6. As homenaxes a Curros nas publicacións galegas de ultramar en 1951.
7. Actividades levadas a cabo en Galicia en 1967.
8. Celebracións realizadas no resto de España en 1967.
9. Homenaxes promovidas polas sociedades galegas no exterior en 1967.
10. Xuízos sobre Curros e a súa obra nas publicacións periódicas galegas en 1967.
11. Conclusións.

Somos conscientes dos límites de extensión ós que nos debemos cingir na nosa análise, ben que coidamos que o sobredito non empece un achegamento ós trazos fundamentais da temática do noso traballo.¹ Por último, non quixeramos rematar esta introdución sen agradece-

1. Os actos en lembranza do escritor de Celanova celebrados en Cuba durante 1951 xa foron analizados na monografía *Actas do Comité Pro-Centenario do nacemento de Curros Enríquez (A Habana, 1951)*, edición de Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda, Santiago de Compostela, Follas Novas, 2002. Por outra parte, o profesor Alonso Montero anunciou hai algúns anos que prevé abordar no futuro liñas de investigación diferentes ás establecidas no presente estudo respecto dalgúns cuestións concretas, como as escolmas da poesía de Curros ou o tratamento da conmemoración de 1967 en publicacións periódicas non vinculadas á Terra ou ás comunidades galegas no exterior (Alonso Montero, Xesús, *Curros Enríquez no franquismo [1936-1971]*, Santa Comba-A Coruña, tresCtres, 2001, p. 88).



A Real Academia Galega trasladaría a súa sede a Celanova con ocasión da recepción no seu seo de dous novos membros numerarios: Xoaquín Lorenzo Fernández e Xesús Ferro Couselo.

Gravado de Conde Corbal.

lo paciente e atento labor dos bibliotecarios e do persoal administrativo da Real Academia Galega, Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Fundación Penzol, Biblioteca Pública do Concello de Lugo, Biblioteca do Museo de Pontevedra e Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense, con quen pasamos non poucas horas consultando diversas publicacións periódicas na procura dos contidos cos que demos forma ó presente traballo.

1. ACTOS CELEBRADOS EN CELANOVA, VILA NATAL DO ESCRITOR, ARREDOR DO CENTENARIO DO NACEMENTO DE CURROS

O feito de ser homenaxeado Curros comportou que a medida que se achegaba a unha data tan sinalada os diarios publicaran notas curtas lembrando o centenario do seu nacemento,² ás veces en concorrencia con infor-

macións verbo do aniversario da Pardo Bazán.³ Á hora de decidi-la localidade que debería acolle-los actos centrais do acontecemento, foi elixida a vila natal do escritor en detrimento da cidade herculina, sede da Real Academia Galega e termo municipal onde se encadra o cemiterio no que repousan os restos do poeta galego. O alcalde de Celanova nesas datas, Manuel Rodríguez Alonso, remitiu ós principais diarios de Galicia unha nota coa que pretendía saír ó paso dos rumores que situaban a homenaxe a Curros en diversas localidades.⁴ A *Junta Provincial y Local* destacou que o concello de Celanova sería a principal referencia da celebración, onde se darían cita representacións da Real Academia Galega e doutras institucións. Para sufragar-los gastos derivados dos actos en honra do escritor galego, que incluírían previsiblemente o reparto de volumes con traballos e poesías escollidas,⁵ representantes do *Comité pro-homenaje a Curros Enríquez*, acompañados do coro *De Ruada*, visitaron varias cidades galegas para

2. "El centenario de Curros", *La Región* (Ourense), 27-VII-1951; Gallego, S[e]verino, "Curros Enríquez: en el primer centenario de su nacimiento", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 20-VII-1951; "La vida en la provincia. Celanova. Sobre las fiestas del Centenario de Curros", *La Región* (Ourense), 11-IX-1951; "Centenario de Curros Enríquez", *El Pueblo Gallego* (Vigo), 14-IX-1951.

3. "Ante los centenarios de la Pardo Bazán y Curros Enríquez", *La Noche* (Santiago de Compostela), 14-IX-1951; *Helios*, "Centenarios", *La Voz de Galicia* (A Coruña), 15-IX-1951. O terceiro número monográfico da Colección Grial, publicado ese mesmo ano baixo o título de *Presencia de Curros y D^o Emilia*, incluía os seguintes artigos sobre o escritor de Celanova: "Algo sobor da poesía de Curros" de Ricardo Carballo Calero; "Curros o el Progreso" de José Luís Varela; "A lingua galega desde Curros" de Xesús Alonso Montero; e "Home, verbo" de Ramón Otero Pedrayo".

4. "Centenario del poeta Curros Enríquez", *El Pueblo Gallego* (Vigo), 5-IX-1951; "El centenario de Curros Enríquez", *La Voz de Galicia* (A Coruña), 5-IX-1951.

5. "Todos los actos que se celebren en honor de Curros Enríquez tendrán lugar en Celanova", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 6-IX-1951.

reuni-los fondos necesarios. Con este propósito, a citada agrupación musical interpretou programas do seu repertorio en Vilagarcía de Arousa, A Coruña e Santiago de Compostela.⁶ Por outra banda, a Deputación Provincial de Ourense decidiu a finais de xullo subvencionar-las actividades programadas pola Comisión do centenario coa cantidade de trinta mil pesetas.⁷

Con anterioridade ó domingo dezaseis de setembro, apareceran en tódolos xornais galegos resumos do programa oficial dos actos previstos coincidindo coas tradicionais festas da Virxe do Cristal, agardando a asistencia das figuras máis representativas da intelectualidade galega, así como a das autoridades provinciais e mailos netos do poeta, Angela e Manuel Curros.⁸ Nesa mesma data daríanse a coñece-los gañadores do certame literario convocado sobre a vida e a obra de Curros, amais de inaugurar un monumento dedicado ó poeta e descubrir unha placa na casa na que aquel nacera.⁹ Á parte de conmemora-lo escritor de Celanova co gallo do seu centenario, a Real Academia Galega trasladaría a súa sede a Celanova con ocasión da recepción no seu seo de dous novos membros numerarios: Xoaquín Lorenzo Fernández e Xesús Ferro Couselo.¹⁰

Chegada a data do aniversario, en *El Ideal Gallego* poñíase de relevo que os actos servirían *para resaltar el cariño que los pueblos tienen a los hijos que alcanzaron celebridad y fama*.¹¹ O xurado encargado de avaliar os traballos presentados ó certame literario sobre a biografía e a produción de Curros convocado co adaxo

da homenaxe¹² fixo pública a súa decisión tralo saúdo do alcalde de Celanova e maila lectura da memoria elaborada pola Comisión provincial. Tocante ós traballos gañadores do susodito concurso, o primeiro premio, de cinco mil pesetas, correspondeu á biobibliografía preparada por Alberto Vilanova Rodríguez. Un estudo do poema "A Virxe do Cristal" presentado por Celso Collazo obtivo o segundo premio, dotado con dúas mil pesetas, mentres que o terceiro e o cuarto premios, destinados a recoñecer un traballo sobre a prensa galega na época de Curros e un índice da produción literaria e xornalística do de Celanova, respectivamente, foron declarados desertos. O quinto e o sexto premios, de cincocentas pesetas cada un, creados co propósito de recoñecer artigos periodísticos sobre Curros e a súa obra, recaeron na triloxía publicada por Celso Collazo en *La Noche* os días tres, catro e cinco de agosto baixo o pseudónimo de *Antonio Snad* e no artigo de José Luis López Cid "El teatro de Curros Enríquez", que viu a luz en *La Región* o seis de agosto de 1951. Así mesmo, o xurado, tendo en conta a base cuarta do certame, que o habilitaba para distinguir con accésits os traballos que considerase pertinentes, outorgou esta distinción ó orixinal presentado baixo o título de "Moraima", do cal era autor Celso Emilio Ferreiro.¹³

Rematada a lectura do ditame do xurado, Otero Pedrayo, mantedor dos actos, pronunciou un discurso sobre Curros. Comezou pola análise dalgúns poemas significativos de Curros, concretamente "Ben chegado" e "Na morte de miña nai", composición esta última que

6. *Lorenzana, Salvador* [Fernández del Riego, Francisco], "Galicia cada treinta días. El centenario de Curros Enríquez", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* (Bos Aires), xullo de 1951.

7. "Acuerdos de la Diputación Provincial", *La Región* (Ourense), 29-VII-1951.

8. "Centenario de Curros Enríquez. Programa de los actos conmemorativos", *La Región* (Ourense), 14-IX-1951; "Centenario de Curros Enríquez. Homenaje al poeta en Celanova", *La Noche* (Santiago de Compostela), 14-IX-1951; "Programa de actos en el centenario de Curros", *La Voz de Galicia* (A Coruña), 14-IX-1951; "Los actos en honor de Curros Enríquez, en Celanova", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 14-IX-1951.

9. Algunha información neste sentido, froito das présas, resultou errada. Así, *El Pueblo Gallego* informou de que o día dezaseis serían descubertas en Celanova dúas placas conmemorativas na casa onde nacera o vate ("El centenario de Curros Enríquez", *El Pueblo Gallego* [Vigo], 11-IX-1951). Ó contrastar esta noticia con outras posteriores, tórnase evidente que, finalmente, unha placa destinaríase a Celanova, para ser colocada na casa natal do poeta, e a segunda correspondería a Vilanova dos Infantes, onde se venera a Virxe do Cristal (*Lorenzana, Salvador* [Fernández del Riego, Francisco], "Galicia cada treinta días. El centenario de Curros Enríquez", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* [Bos Aires], xullo de 1951).

10. "Conmemoración del centenario de Curros Enríquez. Solemnes actos en el monasterio de San Rosendo, en Celanova. Asistirán la Real Academia Gallega, autoridades y personalidades de las Letras", *El Pueblo Gallego* (Vigo), 15-IX-1951; "Los actos del centenario de de Curros Enríquez se celebrarán mañana en Celanova", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 15-IX-1951; "Los actos de hoy en Celanova. Conmemoración del centenario de Curros Enríquez", *El Pueblo Gallego* (Vigo), 16-IX-1951. Ora ben, unha comisión desta institución decidiu achegarse con anterioridade ó domicilio compostelán do académico Antonio Couceiro Freijomil, convalecente dunha doenza que non transcendeu na prensa ("Una comisión de la Academia Gallega visitó a don Antonio Couceiro", *La Noche* [Santiago de Compostela], 17-IX-1951).

11. "Los actos de hoy en Celanova", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 16-IX-1951.

12. Pódense consulta-las bases do certame no número correspondente ó trimestre marzo-maio da revista ourensá *Posío*, da cal hai unha edición facsimilar: Santiago de Compostela, Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro, 1998.

13. "Brillante celebración del Centenario de Curros Enríquez en Celanova", *La Noche* (Santiago de Compostela), 17-IX-1951; "Centenario de Curros Enríquez en Celanova", *El Correo Gallego* (Santiago de Compostela), 18-IX-1951.



Rematada a lectura do ditame do xurado, Otero Pedrayo, mantedor dos actos, pronunciou un discurso sobre Curros.

Debuxo de Luis Cid

consideraba comparable ás grandes elexías clásicas. A continuación, detívose na popularidade da que gozou a obra do escritor entre os seus coetáneos, para rematar destacando o poemario *Aires da miña terra*, fermoso canto ás excelencias da lingua galega.¹⁴ Verbo dos novos académicos Xoaquín Lorenzo e Ferro Couselo, os seus discursos de ingreso foron contestados por Otero Pedrayo e López Cuevillas. Tal como estaba previsto, os actos tamén incluíron a inauguración do monumento obra do escultor galego Asorey fronte á alameda da vila de Celanova, así como a colocación dunha placa conmemorativa na casa natal do poeta. Por último, os asistentes ós actos visitaron a ermida da Virxe do Cristal.

As crónicas do acontecemento elaboradas para cada un dos xornais galegos ofrecen datos de interese. Así, a crónica dos actos de *El Pueblo Gallego* recollía a proposta de que a casa natal de Curros fose adquirida para que albergase unha *Biblioteca Gallega*,¹⁵ ben que o proxecto

orixinal para o inmoble fora convertelo nunha residencia-museo dedicada ó escritor.¹⁶ *El Correo Gallego* e *La Región* foron os únicos medios que citaron a lectura dun discurso por parte de Manuel Casás, quen presidía daquela a Real Academia Galega.¹⁷ Fóra do referido, *La Voz de Galicia* salientou a actuación dos coros de Ourense *De Ruada* e *Os enxebres de Troya*, ademais do herculino *Cántigas da Terra*.¹⁸ *El Ideal Gallego* loou igualmente a actuación dos coros, resaltando a asistencia do tenente de alcalde coruñés, señor del Río, e maila presenza do vicepresidente da Deputación coruñesa, señor Crespo, como representantes de cadansúa institución. Cómpre subliñar que a nota de prensa publicada por este medio é a única na que se indica o nome do representante do *Centro Gallego* de Bos Aires, Daniel Calzado.¹⁹

¿Como vulgaron alén mar os actos de Celanova? En xeral, de xeito moi crítico. Neste sentido, o voceiro da *Federación de Sociedades Gallegas* foi o máis explícito, criticando o carácter minguado da homenaxe celebrada en Celanova por mor das imposicións do Réxime, así como que os diarios apenas si puideran dedicarlle espazo á conmemoración debido ás consignas recibidas. Por outra banda, subliñouse que en Celanova se inaugurara un monumento cualificado como modesto, que non se colocase a placa correspondente na casa natal de Curros (ben que así estaba previsto no programa oficial dos actos) e o carácter das recepcións na "Real Academia gallega" (sic), institución tamén denominada no mesmo texto "Real Academia Castellana de La Coruña" (sic).

Á marxe do exposto con anterioridade, esta publicación porteña reproduciu algúns treitos do discurso ofrecido por Daniel Calzado no transcurso dos actos organizados en Celanova. Entre outras consideracións, Calzado fixera notar que "Curros esperta nos emigrados o *instinto*

14. "La jornada del domingo en Celanova. Otero Pedrayo evocó la figura de Curros en su villa natal", *La Noche* (Santiago de Compostela), 18-IX-1951.

15. "Centenario del nacimiento de Curros Enríquez", *El Pueblo Gallego* (Vigo), 18-IX-1951.

16. Calvo, Dámaso, "Los grandes hombres de Galicia: Curros Enríquez", *Opinión Gallega* (Bos Aires), abril de 1951.

17. "Centenario de Curros Enríquez en Celanova", *El Correo Gallego* (Santiago de Compostela), 18-IX-1951; Álvarez Alonso, F., "Sobre la marcha. Don Manuel Casás Fernández, presidente de la Real Academia Gallega", *La Región* (Ourense), 18-IX-1951.

18. "En el centenario de Curros Enríquez. Brillantísimos actos, en Celanova. Fue descubierto al monumento al poeta y se celebraron ceremonias académicas y literarias", *La Voz de Galicia* (A Coruña), 18-IX-1951.

19. "Homenaje a Curros Enríquez, en Celanova", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 18-IX-1951.

de loita por unha vida millor e o degaro do triunfo, que xungue en irmandade, cada intre máis puxante, as nosas coleitividades na emigración".²⁰ Perante tales declaracións, non é de estraña-la ausencia de comentarios ó respecto nas páxinas dos diarios da Terra, como tampouco o é que a prensa galega do exilio destacase outra circunstancia en relación cos discursos pronunciados en Celanova: o feito de que Otero Pedrayo fixera en castelán a súa loanza a Curros ó serlle prohibido o uso do galego.²¹

2. ACTIVIDADES REALIZADAS PARA FESTEXA-LO SUSODITO ACONTECEMENTO NOUTRAS LOCALIDADES GALEGAS

Na Coruña, o coral *Follas Novas* anunciara a súa intención de ofrece-lo día dez de setembro dous concertos en sesións de tarde e noite no Teatro *Rosalía Castro* por norte do centenario do nacemento de Curros,²² concertos que irían acompañados dun discurso de Otero Pedrayo sobre a vida e a obra do escritor galego.²³ O acto, que contou cunha numerosa audiencia, obtivo varias recensións positivas na prensa.²⁴ Nas crónicas dos concertos resaltouse que a terceira das partituras interpretadas estivera composta por poemas de Curros adaptados para a ocasión e que na sesión da tarde, previamente á actuación da polifónica, dera lectura a unhas cuartillas o presidente do coral e bibliotecario da Real Academia Galega, Juan Naya, así como que Otero Pedrayo fixera unha elocuente e moi poética descrición do vate de Celanova.²⁵ Días despois, os xornais destacarían a saída do catedrático ourensán para Celanova co propósito de participar nas actividades organizadas alí para celebra-la efeméride.²⁶



A Comisión de Cultura do "Centro Gallego" de Bos Aires organizou unha conferencia de Eduardo Blanco-Amor sobre a vida e a obra de Curros, a cal se desenvolvería no Teatro Liceo da capital da Prata o día un de outubro.

Caricatura de Seoane.

Así mesmo, a prensa de ámbalas beiras do Atlántico consignou tamén que a *Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos* da cidade herculina programara unha serie de actos para o día 14 de setembro en homenaxe a Curros, a cal incluíu unha ofrenda floral ó pé do monumento do poeta nos xardíns de Méndez Núñez feita pola Xunta Directiva da dita sociedade.²⁷ A continuación, o seu presidente, don Joaquín Freire de Andrade, dirixiuse ó numeroso público alí congregado para exalta-la figura do escritor de Celanova.²⁸

20. "Cómo se celebró en Galicia el centenario de Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 20-X-1951.

21. "Homaxe a Curros en Celanova", *A Nosa Terra* (Bos Aires), abril de 1952.

22. "Conciertos extraordinarios", *La Noche* (Santiago de Compostela), 7-IX-1951; "En memoria de Curros Enríquez", *La Noche* (Santiago de Compostela), 8-IX-1951; "Teatro *Rosalía Castro*. Mañana, lunes tarde, a las 8, noche, a las 11 grandes conciertos por la Coral Polifónica *Follas Novas* en homenaje al gran poeta gallego Curros Enríquez con motivo del centenario de su nacimiento", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 9-IX-1951; "Los conciertos de *Follas Novas*", *La Voz de Galicia* (A Coruña), 9-IX-1951.

23. "Otero Pedrayo hará una semblanza de Curros en el festival de *Follas Novas*", *La Voz de Galicia* (A Coruña), 8-IX-1951.

24. "Ayer [Noticia breve sobre o concerto do coral *Follas Novas*]", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 11-IX-1951.

25. "Homenaje de *Follas Novas* a Curros Enríquez", *La Noche* (Santiago de Compostela), 11-IX-1951; "*Follas Novas* obtuvo un gran éxito ayer. Don Ramón Otero Pedrayo hizo una semblanza de Curros Enríquez", *La Voz de Galicia* (A Coruña), 11-IX-1951.

26. "Otero Pedrayo a Celanova", *La Noche* (Santiago de Compostela), 14-IX-1951; "Otero Pedrayo a Celanova", *El Correo Gallego* (Santiago de Compostela), 15-IX-1951.

27. "Homenaje a Curros Enríquez", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 14-IX-1951; "Ofrenda a Curros Enríquez", *La Noche* (Santiago de Compostela), 14-IX-1951; "El homenaje a Curros Enríquez", *La Noche* (Santiago de Compostela), 15-IX-1951.

28. "Ofrenda-homenaje a Curros Enríquez", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 16-IX-1951; "Homenaje a Curros Enríquez", *La Voz de Galicia* (A Coruña), 16-IX-1951; *Boavila*, "En el centenario de Curros Enríquez", *Opinión Gallega* (Bos Aires), outubro de 1951.



"O Centro Gallego" de Caracas lembrou a efeméride a través da audición radial que dirixía Silvio Santiago.

O seguimento do que foron obxecto as celebracións en memoria de Curros realizadas o dezasete de setembro en Vigo foi menor có das precedentes. Tras unha cerimonia relixiosa oficiada polo poeta e membro da Real Academia Galega Faustino Rey Romero, dúas coroas de flores, unha ofrecida polo grupo poético *Alba* e outra polo Concello de Vigo, foron depositadas por Ramón González-Alegre e Otto José Cameselle ó pé da escultura do escritor situada na Praza de Compostela. Os actos pecharíanse cun discurso de González-Alegre e a lectura duns versos por parte de Rey Romero, sen que tivese lugar finalmente o recital que a susodita agrupación poética pretendía tributar ó ilustre fillo de Celanova.²⁹

3. CONMEMORACIÓNS LEVADAS A CABO NO RESTO DE ESPAÑA EN 1951

A mediados de 1951 estaban proxectados ciclos de conferencias para estudar a vida e a obra de Curros nos Centros Galegos de Barcelona e Madrid.³⁰ O ciclo celebrado na capital contou coas intervencións de Manuel Branco Tobío, Dionisio Gamallo Fierros, Ramón Fernández Pousa e Manuel Fraga Iribarne.³¹ A disertación con maior eco foi a de Fernández Pousa, quen defendeu que, a pesar de que a lingua carecía entón dun estándar que orientase os escritores, co cal eran frecuentes numerosas interferencias co castelán e co portugués, tanto Curros coma Lamas Carvajal foran os que mellor representaran na súa lírica o galego falado na metade sur de Galicia.³² Amais das conferencias, o Centro Galego de Madrid convocou un certame literario sobre varios temas relacionados cos intelectuais galegos Curros Enríquez, Saralegui y Medina, Andrés Muruais, Emilia Pardo Bazán e Benito Vicetto. No caso do escritor de Celanova, elixíronse como temas dos ensaios "Curros Enríquez y Madrid" e "La lengua gallega de Curros". Asignáronse a estes temas galardóns de tres mil e dúas mil pesetas, respectivamente, os cales recaerían finalmente no estudo biográfico elaborado por Augusto González Besada e Félix Melendo Abad e mais no traballo presentado por Antonio Lorenzo Sánchez.³³

Tocante ó Centro Galego de Barcelona, a celebración do centenario do escritor de Celanova tivo como acto principal a conferencia pronunciada por Antonio Lorenzo Sánchez, quen, malia a súa condición de estudioso do idioma galego na obra de Curros, menosprezou o labor poético do escritor a partir da edición de *Aires da miña terra*.³⁴

29. "Homenaje a Curros Enríquez", *La Noche* (Santiago de Compostela), 15-IX-1951; "El homenaje de Vigo a Curros", *El Pueblo Gallego* (Vigo), 16-IX-1951; González Luengo, Juan Manuel, "A Curros", *La Noche* (Santiago de Compostela), 18-IX-1951.

30. "El centenario de Curros Enríquez", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* (Bos Aires), maio-xuño de 1951.

31. "Homenajes a Curros Enríquez en el centenario de su nacimiento", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

32. "El idioma gallego en Curros Enríquez", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

33. "Actividad cultural", *Mundo Gallego* (Madrid), 1, 1952.

34. Non puidemos localiza-lo número da revista do Centro Galego de Barcelona, *Alborada*, no que se publicou un resumo da mencionada conferencia. Á hora de redactar estas liñas seguímo-las informacións publicadas por Xesús Alonso Montero no seu libro *Curros Enríquez no franquismo (1936-1971)*, op. cit., pp. 72-73.

4. ACCIÓNS PROMOVIDAS POLAS COMUNIDADES GALEGAS NO EXTERIOR EN 1951

Contra marzo de 1951, o *Centro Gallego* de Bos Aires divulgou as bases do concurso literario organizado por esta institución con motivo do centenario do nacemento de Curros. Destinado a premiar traballos escritos en lingua galega sobre a vida e a obra do poeta e xornalista galego, o primeiro e o segundo premios estaban dotados con catro mil e dous mil pesos, respectivamente. Á parte, convocouse outro premio en lingua castelá sobre a mesma temática, cun galardón de tres mil pesos.³⁵ Fóra do xa exposto, fíxose público o acordo da Xunta Directiva para colocar unha placa de bronce conmemorativa no monumento de Curros emprazado nos xardíns de Méndez Núñez da Coruña.³⁶ Así mesmo, a Comisión de Cultura organizou unha conferencia de Eduardo Blanco-Amor sobre a vida e a obra de Curros, a cal se desenvolvería no Teatro Liceo da capital do Prata o día un de outubro.³⁷ Por último, a emisora Radio Antártida recordou a Curros cunha audición na cal Xavier Bóveda exaltou o escritor de Celanova.³⁸

Verbo da *Federación de Sociedades Gallegas*, convén subliña-lo desleixo que semellaba existir entre parte da colectividade galega de Bos Aires respecto do aniversario do nacemento de Curros. Así, no mes de maio apareceu unha nota asinada polas iniciais F.R. que condenaba a antedita desidia e na que se instaba as entidades galegas integradas na Federación a custear-la realización dun busto en bronce do escritor para colocalo na entrada da sede social da institución.³⁹ Ó mes seguinte fíxose pública a renuncia de Ramón de Valenzuela á presidencia do *Ateneo Curros Enríquez*.⁴⁰ Con todo, o vicepresidente desta sociedade, Antonio García, informou da intención de realizar actos conmemorativos con ocasión do centenario do nacemento do poeta galego.⁴¹ Deste xeito, o sete de setembro celebrouse unha velada poético-musical



Benito Varela Jácome sostén que as composicións máis irreverentes do escritor galego non serían representativas dun sentimento antirrelixioso, senón produto dunha toma de posición diante dos seus compañeiros de viaxe política e das institucións relixiosas tradicionais.

local social da Federación. O programa abriuse coa inauguración dun busto en bronce do escritor de Celanova realizado polo escultor Maza, cerimonia acompañada por unhas palabras do secretario xeral da Federación, Gerardo M. Díaz. A continuación, houbo un concerto da banda sinfónica *Galicia*, dirixida por Juan José Pazos, e un recital de poemas do escritor de Celanova a cargo de Lito López. Os actos concluíron cun discurso de Ramón de Valenzuela sobre a vida e a obra de Curros, intervención moi aplaudida polo público.⁴² A disertación de Ramón

35. "El centenario de Curros Enríquez", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* (Bos Aires), maio-xuño de 1951.

36. "Centenario de Curros Enríquez", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* (Bos Aires), 455-456, febreiro-marzo de 1951.

37. "Conferencia sobre Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 30-IX-1951.

38. "Homenajes a Curros Enríquez en el centenario de su nacimiento", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

39. F.R., "El Centenario del Nacimiento de Manuel Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-V-1951.

40. "Ateneo Curros Enríquez. Plenario de delegados. 2ª convocatoria", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 19-VI-1951.

41. "En homenaje de Curros Enríquez en su centenario", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-VIII-1951; "Ateneo Curros Enríquez. En el Centenario del Nacimiento de Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 30-VIII-1951; "Ateneo Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 20-VIII-1951; "Ateneo Curros Enríquez", *España Republicana* (Bos Aires), 31-VIII-1951.

42. "En la Federación de Sociedades Gallegas, se rindió un homenaje al poeta Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.



Fernández del Riego, baixo o pseudónimo de Salvador Lorenzana, apreciou innegables calidades líricas nos poemas máis combativos do escritor de Celanova, amais de colocalo no triunvirato da lírica galega decimonónica, a carón de Pondal e Rosalía.

Caricatura de Aguilera

de Valenzuela centrouse na análise da personalidade do escritor galego, da cal declaraba o orador que os reunidos na presente conmemoración eran testamenteiros do seu herdo por canto eran amantes da liberdade dos homes e dos pobos e, sobre todo, patriotas galegos. A defensa da cultura, do folclore e da lingua galegas así o acreditaban. Á marxe do referido, o orador insistiu de xeito particular no carácter forzosamente diminuído que tería a celebración do centenario do nacemento de Curros en Celanova por mor da situación política na Terra. Este particular ofrecería maior distinción ó acto da Federación, celebrado polos galegos que se opoñían a calquera profanación moral sobre a figura e a obra de Curros.⁴³

As palabras de Ramón de Valenzuela resultaron dignas pero tamén polémicas. De feito, Gerardo M. Díaz publicou a finais dese mes unha nota no órgano da Federación agradecendo ós asistentes a súa participación nos actos, pero tamén eximindo o *Ateneo Curros Enríquez* de calquera responsabilidade polas opinións expresadas durante os mesmos, posto que o conferenciante xa non estaba vinculado a esa sociedade na data en que se celebrara a homenaxe.⁴⁴

Os diarios bonaerenses *La Nación* e *Noticias Gráficas* tamén recordaron o centenario de Curros. O texto de *La Nación* (14-IX-1951) foi reproducido por *Galicia*, voceiro da *Federación de Sociedades Gallegas*. Nesta nota salientábase que Curros, xunto con Pondal e Rosalía, constitúe a triloxía máis expresiva da dor e dos anhelos de Galicia. O rico zume dos seus versos procedería, primeiro, das raizames folclóricas, e, posteriormente, daría froitos en forma de pregóns civís, o mesmo que acontecera con Guerra Junqueiro na outra beira do Miño.⁴⁵ A nota de *Noticias Gráficas* foi reproducida posteriormente pola publicación *Opinión Gallega*. Nela exaltábase a Curros como perseverante e puro loitador pola causa da xustiza. A súa rebeldía traduciríase en cantos inesquecibles e o seu acento lírico quedaría gravado en poemas, xa na súa lingua natal, xa en castelán, que revelan a forza dun verdadeiro xenio poético.⁴⁶

O *Centro Gallego* de Caracas lembrou a efeméride a través da audición radial que dirixía Silvio Santiago. En Montevideo, o *Centro Gallego* organizou unha homenaxe de música, cantos e recitados, amais dunha conferencia pronunciada por Emilio Pita.⁴⁷ En canto a Cuba, chegado o mes de maio convocouse un concurso literario sobre a vida e a obra de Curros a cargo do *Comité pro-centenario Curros Enríquez*, presidido por Ramón del Campo González. As bases do concurso estipulaban que as entidades que convocaban o certame premiarían cadansúa modalidade de ensaio. O *Centro Gallego* da illa destinaría un premio de cincocentos pesos á mellor biobibliografía sobre Curros; o *Diario de La Marina* sustentaría

43. "Discurso do Señor Ramón de Valenzuela", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 20-IX-1951.

44. "Ateneo Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 30-IX-1951.

45. "Un comentario de *La Nación* sobre Manuel Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 20-IX-1951.


46. "La prensa argentina recordó y exaltó a Curros Enríquez", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

47. "Homenajes a Curros Enríquez en el centenario de su nacimiento", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

un ensaio verbo do labor xornalístico do de Celanova, dotado coa mesma cantidade, mentres que as *Sociedades Gallegas de La Habana* se encargarian da modalidade referida a Curros na lírica galega e na castelá, premiado con idéntica contía cós sobreditos temas.⁴⁸ Apenas dous meses despois, transcendeu a nova de que os intelectuais galegos Celso Emilio Ferreiro, Francisco Fernández del Riego e José Fernández Gallego preparaban cadanseu ensaio con destino ó citado concurso.⁴⁹

Os actos cos que a colonia galega en Cuba celebrou finalmente o centenario do nacemento do escritor galego concretáronse o dezaseis de decembro na inauguración dun busto en bronce de Curros, obra do escultor Crispín Herrera e subvencionado pola *Unión Orensana*, no vestíbulo do *Centro Gallego* da illa.⁵⁰ O descubrimento

da escultura acompañouse dun discurso do Presidente do Centro, Narciso María Rodríguez. O mesmo día, tras un discurso de Eladio Vázquez Ferro, fíxose pública a resolución do concurso literario. O premio ó primeiro tema, "Bio-bibliografía de Curros Enríquez", foi declarado deserto, concedéndose cadanseu accésit a Alberto Vilanova e a Francisco Fernández del Riego. O gañador do segundo tema, "Curros periodista", resultou ser José Fernández Gallego. En canto ó terceiro tema, "Curros en la lírica gallega y castellana", o premio foille outorgado a Dionisio Gamallo Fierros. Os actos dese día completáronse cunha conferencia de Eugenio Montes, convidado de honra á homenaxe, un concerto do coral *Saudade* e un recital de poemas de Curros. O día dezoito de decembro, a *Asociación Iniciadora y Protectora da Real Academia Gallega*, da cal Curros fora o seu primeiro presidente, ofreceu unha sesión na que leron cadanseu discurso o Padre José Rubinos, Antonio do Campo, Gastón Baquero e Eugenio Montes. Previáse que tódalas



Os actos cos que a colonia galega en Cuba celebrou finalmente o centenario do nacemento do escritor galego concretáronse o dezaseis de decembro. Completáronse cunha conferencia de Eugenio Montes, convidado de honra á homenaxe.

intervencións fosen compiladas nun volume, o cal levaría por título "Libro del Centenario de Curros Enríquez". Por último, o *Centro Gallego* ofreceu o día vinte un banquete de despedida a Eugenio Montes.⁵¹

Carente de publicacións que desen conta da súa actividade por aquel entón, a *Casa de Galicia* de New York advertiu por medio dunha nota inserida na publicación de signo republicano *España Libre* que, o mesmo ca outras institucións, tamén rendía homenaxe ó autor de Celanova.⁵²

5. XUÍZOS SOBRE CURROS E A SÚA OBRA POR NORTE DO CENTENARIO

¿Como concilia-la poesía social de Curros con textos como "A Virxe do Cristal"? E, por riba doutras consideracións, ¿como presenta-lo Curros rebelde e loitador

48. "Concurso del Centro Gallego de La Habana. Comité pro-centenario Curros Enríquez", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* (Bos Aires), maio-xuño de 1951.

49. Borobó [García Domínguez, Raimundo], "Tres temas sobre Curros", *Opinión Gallega* (Bos Aires), xuño de 1951.

50. "Calidoscopio Literario", *La Noche* (Santiago de Compostela), 3-IX-1951.

51. "Primer Centenario del Nacimiento de Curros Enríquez", *La Vida Gallega en Cuba. Órgano Oficial de la Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia* (Cuba), xaneiro de 1952.

52. "Homenaje en el Centenario del Nacimiento del gran poeta Manoel Curros Enríquez", *España Libre* (New York), 19-X-1951.



As publicacións galegas en América tamén reproducen textos publicados orixinalmente nos xornais da terra como a recreación que fixo Vicente Risco dun curioso episodio que lle acontecera a Curros durante unha estadía en Londres.

Gravado de Conde Corbal.

sen expoñe-lo artigo a ser riscado pola censura? Celso Collazo, amparado no pseudónimo de *Antonio Snad*, salienta nos seus artigos a variedade de temas e motivos presentes en *Aires da miña terra*, ó tempo que define a Curros como unha persoa indecisa sobre o seu futuro e irremediabilmente enfrontada a unha multitude de padecementos.⁵³ Apoiándose nas teorías sociolóxicas e psicolóxicas de Barrés, Collazo xulga a Curros como un creador no que a temperá separación do chan natal explica a minuciosidade das descrições que da Terra fai na súa obra poética. Neste sentido, Collazo considera que a descripción da realidade galega fornecida polo de Celanova ten máis que ver co realismo que coa saudade. De aí que a lírica de Curros acolla a voz da reivindicación social, do progreso e da política a carón da religio-

sidade popular, a tradición dos Maíos ou os lugares onde o poeta gozou dunha felicidade efémera.⁵⁴

Benito Varela Jácome sostén que as composicións máis irreverentes do escritor galego non serían representativas dun sentimento antirrelixioso, senón produto dunha toma de posición diante dos seus compañeiros de viaxe política e das institucións relixiosas tradicionais. Á marxe do devandito, a evocación da terra galega abrolla nos seus versos con elementos realistas e populares, ben que a carón da luminosa representación da paisaxe galega se atopan matices melancólicos e, nalgúns casos, negativos.⁵⁵ En canto a Dámaso Calvo, este reparou nas composicións que translocen dores e pesadumes, botando man do xuízo emitido polo Padre Francisco Blanco García verbo de "A Virxe d'o Cristal" para refutalas consideracións de irrelixiosidade respecto da obra literaria de Curros.⁵⁶ Ademais, convén destaca-lo artigo que sobre Curros publicou ese mesmo ano José Luís García Mato en *El Progreso*, sorprendente polas conviccións reflectidas nas súas liñas, nas que se defenden os principios inquebrantables e mailas calidades poéticas do escritor de Celanova.⁵⁷

É de notar que, á marxe de colaboracións inéditas, as publicacións galegas en América tamén reproducen textos publicados orixinalmente nos xornais da Terra. Por exemplo, a recreación que fixo Vicente Risco dun curioso episodio que lle acontecera a Curros durante a súa estadía (suposta ou real) en Londres, recreación que vira a luz nos diarios *La Noche* e *La Región* o trinta de xullo dese ano.⁵⁸ Ou tamén a serie de artigos publicados por Celso Collazo en *La Noche*.⁵⁹ Mais outros intelectuais residentes na Terra procuraron na prensa da outra beira do Atlántico a liberdade que lles faltaba no chan patrio para emiti-los seus xuízos sobre Curros e maila súa obra. Así, Paz-Andrade opinaba nas páxinas de *Galicia* que ó par do poeta e do xornalista de éxito, o home que foi Curros tivo unha experiencia vital na cal desenvolveu ó pé da letra aquilo que divulgaban os seus versos. Con

53. Snad, Antonio [Collazo, Celso], "Manuel Curros Enríquez. I: El hombre en las zarzas", *La Noche* (Santiago de Compostela), 3-VIII-1951.

54. Snad, Antonio [Collazo, Celso], "Manuel Curros Enríquez. II: Por tierras y por mares", *La Noche* (Santiago de Compostela), 4-VIII-1951.

55. Varela Jácome, Benito, "La obra poética de Curros Enríquez", *La Noche* (Santiago de Compostela), 15-IX-1951.

56. Calvo, Dámaso, "Palabras actuales. En el centenario de de Curros Enríquez", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 15-IX-1951.

57. García Mato, José Luís, "Curros Enríquez y Galicia", *El Progreso* (Lugo), 25-VII-1951.

58. Risco, Vicente, "Mi encuentro con Curros Enríquez", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

59. "Estudiando a Curros Enríquez", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

todo, Paz-Andrade engadía tamén que a súa poesía, cargada de acentos civís, tamén se atopaba atravesada de tenura. O pensamento político, malia ser obsesivo en Curros, non lixaría a calidade do seu lirismo. A arte de Curros contería unha sorte de realismo popular xa cultivado por Añón –ben que sen tanta forza como faría o escritor de Celanova–, o cal sería retomado por Lamas Carvajal en formas menos ennobrecidas. En opinión de Paz-Andrade, deste tipo de lírica tería que partir Cabanillas con pulo anovador, xa que Rosalía e Pondal serían mundos illados mercé ás súas particulares poéticas. Por último, sinalábase que, ata chegar Castelao, Curros foi a individualidade galega que máis commoveu en vida as entrañas do pobo. Ámbolos dous terían en común "unha sustancia humán, de capacidade popular, de forza expresiva i-expansiva".⁶⁰

Pola súa parte, Severino Gallego incidiu sobre o compromiso moral do escritor galego co seu pobo, sempre finxido dun evidente anticlericalismo, que non irrelixiosidade. Remarcou a integridade do de Celanova, "internacionalista en potencia", entregado á causa do seu pobo con tres armas: corazón, capacidade e visión literaria expositiva.⁶¹ Máis alá chegaba o artigo asinado por F.R.L., quen lembraba a efeméride do centenario de Curros, salientando a tenacidade coa que o escritor galego loitou toda a súa vida contra as forzas escurantistas e regresivas, sempre a prol da Terra. Sinalaba tamén que no espírito de Curros se poden distinguir nidiamente dúas facetas: a do poeta e a do político, ámbalas dúas con plena vixencia para o autor do artigo, quen remataba preguntando retoricamente qué faría o de Celanova perante a situación actual de Galicia.⁶²

Lois Tobío amosouse máis ecuánime ca outros intelectuais, incidindo na variedade de cordas da lira poética do de Celanova. Segundo Tobío, Curros ofrece ó lector os máis diferentes matices, sempre auténticos e sentidos. Curros era un home esperanzado, con fe na súa Terra, ollando sempre cara ó futuro. Velaí a diferenza respecto



Comentábase que, ata chegar Castelao, Curros foi a individualidade galega que máis commoveu en vida as entrañas do pobo.

Castelao e Risco en Gavado de Conde Corbal.

de Rosalía, quen segundo Tobío afondou nas mágoas do presente coma ninguén, e maila afinidade con Pondal, con quen Curros coincidiría no ideal da resurrección da Terra, sempre proxectado cara ó mañá.⁶³ En canto a José González Ledo, na súa reflexión sobre a biografía e as experiencias literarias de Curros, concede especial relevancia ó compromiso de Curros coa Terra: o seu costumismo, sen renunciar ó lirismo, está finxido de elementos realistas. A integridade moral de Curros, o laicismo, o seu compromiso coa vida está patente nos seus versos. E tamén neles atopámo-lo tema da liberdade e da democracia, sendo o patriotismo de Curros dunha indiscutible esencia galeguista. Manifestación do galeguismo de Curros sería o seu amor e devoción polo idioma galego, que fica patente en *Aires da miña terra*.⁶⁴

Non menos sentido, pero moito menos tinxido de galeguismo foi o limiar que Manuel Ínsua escribiu para o prólogo da edición de *Aires da miña terra* publicada pola editorial bonaerense Emecé en 1940, o cal sería

60. Paz-Andrade, V[alentin], "O home e o poeta en Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 30-IX-1951. Este texto fora publicado anteriormente en *Lar. Revista mensual de la Asociación Gallega de Beneficiencia y Mutualidad*, extremo que se fai constar no encabezamento do artigo, ben que non se achega a data na que viu a luz na antedita revista [xullo de 1951].

61. Gallego, Severino, "Manuel Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 30-VIII-1951.

62. F.R.L., "O noso homaxe a Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

63. Tobío, Luís, "Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 20-IX-1951.

64. González Ledo, José, "Curros Enríquez" *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

reproducido nestas datas polo órgano da *Federación de Sociedades Gallegas*. Ínsua refírese á súa querenza por Curros como froito da tradición familiar, ben que discrepa da súa ideoloxía política, cualificando o de Celanova como "heterodoxo recalitrante". Así e todo, Ínsua sitúao como poeta a carón de Rosalía e Pondal, con quen configurarían as grandes figuras da lírica galega. A universalidade da poesía de Curros non estaría rifada co localismo idiomático, extremo que aclara Ínsua aludindo ó que ocorre coa obra de Dante, escrita en toscano. Polo que se refire á temática dos seus versos, Curros non resultaría un poeta monocorde, malia que a fama das súas composicións cívicas o coloquen en idéntico lugar ó que ocupan nas súas respectivas literaturas o portugués Guerra Junqueiro e o italiano Carducci. Así o expresaba Ínsua: "Como el portugués y el itálico habría podido ser el poeta civil de España, en su tiempo, si el gallego hubiera ocupado el sitio del castellano".⁶⁵

Á parte das colaboracións asinadas, moitas publicacións acolleron editoriais ou artigos anónimos nos que se destacaba a significación do acontecemento. Así, na revista do *Centro Gallego* de Bos Aires subliñábase que Curros xunto a Pondal e Rosalía constitúen a gran triloxía de poetas galegos do século XIX, na que a poesía de Curros se distinguiría polo seu carácter civil.⁶⁶ Desde as páxinas do órgano de prensa do Centro Lucense resaltábase que a vida do autor de *O divino sainete* se caracterizou por unha constante e fecunda loita en defensa dos ideais do ben colectivo, e que a súa alma, sentimental ou doce cando se refería á beleza da Terra ou ás nobres virtudes dos seus fillos, adquiría tonalidades mordaces cando denunciaba as inxustizas.⁶⁷ Neste sentido, a agrupación de naturais do Val Miñor destacou a figura do de Celanova como "traducción auténtica vibrante y representativa de la raza gallega". O autor de *Airiños (sic) da miña terra* é identificado coa voz lírica máis resoante da Terra e, por mor da súa identificación cos problemas de Galicia, co papel de tenaz defensor do pobo.⁶⁸

O editorial publicado pola revista *Alborada* remarcaba fundamentalmente a significación do centenario para a cultura galega.⁶⁹ En cambio, o artigo anónimo que viu a luz no xornal porteño *Opinión Gallega* exaltou sobre todo o significado histórico da data e o pensamento galeguista e progresista do escritor homenaxeado. Así, destacábase que a aparición de Curros fora providencial para o levantamento da personalidade histórica da nación galega, recollendo o testemuño deixado polos Precusores. Fronte a Rosalía, quen conmovera coma ninguén os corazóns galegos, e Pondal, quen achegara unhas raíces e un pasado glorioso ó pobo galego, Curros ofrecería estrofas cheas de civismo e un amor á lingua da Terra que entroncaban coa semente dos Precusores. A vixencia das ideas de Curros tornábase evidente perante a situación de Galicia na altura en que foi escrito o artigo, no que se recorda ademais a morte doutros defensores do ideal galeguista. Así, establécese un paralelismo entre Curros e Castelao, "guieiros da galegitude", ámbolos dous mortos no exilio.⁷⁰ A colectividade galega afincada nos Estados Unidos expresou o seu parecer mediante unha nota na que consideraba a Curros como o poeta que con maior mestría pulsara as cordas da lira que de xeito máis grato chega ó corazón do pobo: a costumista e a cívica, temática esta última pola que foi perseguido trala publicación de *Aires d'a minha (sic) terra*.⁷¹

6. AS HOMENAXES A CURROS NAS PUBLICACIÓNS GALEGAS DE ULTRAMAR EN 1951

As publicacións feitas por galegos fóra da Terra asumiron a tarefa de lembra-las conmemoracións das que Curros fora obxecto tralo seu pasamento por causa do contido dos documentos reproducidos, dos cales a súa publicación nos xornais con sede en Galicia sería imposible. Así, en diversas publicacións porteñas acóllense textos como o bando promulgado o trinta e un de marzo de 1904 polo entón alcalde da Coruña,

65. Ínsua, Manuel, "Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

66. "Centenario de Curros Enríquez", *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* (Bos Aires), setembro de 1951.

67. "Centenario de Curros Enríquez", *Lugo* (Bos Aires), setembro de 1951.

68. "Centenario del Nacimiento de un Ilustre Gallego", *Miñor* (Bos Aires), setembro de 1951.


69. "Centenario do nacemento de Curros Enríquez", *Alborada* (Bos Aires), agosto-setembro-outubro de 1951.

70. "Outo xenio galego", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

71. "Homenaje en el Centenario del Nacimiento del gran poeta Manoel Curros Enríquez", *España Libre* (United States), 19-X-1951.

Juan Sánchez Anido, por norte da exposición pública do cadáver de Curros; no citado bando indicábase o percorrido do posterior cortexo fúnebre que precedería á inhumación do escritor galego no cemiterio de San Amaro.⁷² De igual consideración para os editores gozou o recordatorio da figura e da obra de Curros asinado por Manuel Murguía en setembro de 1911, no que o Patriarca fai fincapé na férrea vontade e na fráxil alma de Curros para explica-las vicisitudes da biografía e da produción literaria deste autor. Por outra parte, Murguía salienta a homenaxe da que Curros foi obxecto en 1904 e as multitudes que acompañaron o seu cadaleito na Coruña.⁷³ Igualmente desempoadada para a ocasión foi a nota asinada por José Rodríguez Carracido en 1908 tralo falecemento do escritor de Celanova. Nela sublíñase o desprezo de Curros cara ós beneficios mundanos debido á pureza do seu espírito, exemplo para os que experimentan a fraqueza. Así, a rebeldía de Curros fronte ás imposicións amosa unha dignidade humana exemplar.⁷⁴

Máis comprometida, se cadra, foi a transcripción do discurso pronunciado por Niceto Alcalá Zamora na inauguración do monumento a Curros na Coruña en 1934. O orador xustificaba a súa asistencia ó acto polo feito de ser homenaxeado un dos fillos máis insignes de Galicia e de España e, ademais, precursor do réxime imperante: a República. Tocante á súa faceta literaria, Curros merecía ser considerado como poeta civil, político e simbólico, posuidor dunha sensibilidade representativa da Terra. O limiar de *Aires da miña terra* amosa unha postura sobre a lingua que, en opinión de Alcalá Zamora, podía ser identificada co desexo dun status superior para a lingua, mais, independentemente do desenvolvemento acadado por aquela, a lingua é un vehículo transmisor da cultura autóctona. Por último, o orador confesaba que o poema que Curros dedicara a Emilio Castelar era moi do seu gusto a causa da simbólica entrega da orde moral que facían os febles ó Presidente da República, quen sería o encargado de obrar neles os milagres da redención e da conversión. A continuidade desta temática nas páxinas de *O divino*



Murguía salienta a homenaxe da que Curros foi obxecto en 1904 e as multitudes que acompañaron o seu cadaleito na Coruña.

sainete, onde Curros atacaba a instrumentalización da relixión en prol de determinados intereses, era tamén do gusto de Presidente, quen concluía a súa intervención cun chamamento á concordia e ó entendemento dos pobos de España baixo a institución da República.⁷⁵

Na liña do antedito atópase a reprodución dun orixinal asinado pola Real Academia Galega en 1934 co gallo da inauguración do monumento erixido á memoria do escritor galego na Coruña. Neste escrito destácase a popularidade da que gozou o autor en vida, mercé á habilidade coa que tanxeu as dúas cordas da súa lira, a do costumismo e a do civismo: "Curros Enríquez vuelle

72. Sánchez Anido, Juan, "Bando memorable", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

73. Murguía, Manuel, "Dolora", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

74. R[odríguez] Carracido, José, "La rebeldía de Curros", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

75. "Discurso del entonces Presidente de la República Sr. Alcalá Zamora", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

a mostrárenos como poeta civil para hoy; poeta civil de Galicia y de España, pero de Galicia sobre todo". Na altura en que este orixinal foi redactado, a Academia postulaba a actualidade coa que se mantiñan os seus poemas cívicos, emparentados en certo modo cos do escritor portugués Guerra Junqueiro e os do italiano Carducci.⁷⁶

Por outra banda, rescatouse o texto da denuncia do bispo Cesáreo Rodrigo contra Curros, publicado orixinalmente no *Boletín Eclesiástico* con data do vinte e oito de xuño de 1880, ó que se lle engadiu un extracto da defensa que o avogado Luciano Puga Blanco pronunciou perante a Sala do Tribunal Superior de Galicia e coa cal conseguiu a absolución do escritor galego.⁷⁷ Tamén poderíamos incluír aquí a aparición dunha nota autobiográfica verbo das circunstancias que rodearan o proceso de elaboración de *A Virxe do Cristal*.⁷⁸

Tocante ás composicións de Curros publicadas nos xornais da Terra e fóra de Galicia co adaxo da conmemoración, existe unha notable diferenza de criterios que debemos valorar á luz das circunstancias políticas. Mentres que os xornais con sede en Galicia reproduciron case sempre os mesmos textos, os cales na súa maioría non amosaban un tema cívico, os xornais de alén mar destacaban sobre todo o Curros comprometido socialmente a través dos poemas que exhibían a temática correspondente. Abonda con enumeralos publicados en terras americanas para darse conta deste feito. Os poemas incluídos en *Aires da miña terra* que figuran nas páxinas dos sobreditos medios de expresión son os seguintes:

"N'o convento", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

"Madrigal", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

"Diante unha imaxe de Íñigo de Loyola (Soneto)", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

"Alborada", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

"A Virxe do Cristal (fragmentos)", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

"Ós mozos", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

"N'a morte de miña nay", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

"A igrexa fría", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

"Canto ao idioma galego", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.⁷⁹

"O Gueiteiro de Penalta", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

"Pelegrinos, a Roma", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 20-IX-1951.

"Tempo deserto", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 20-IX-1951.

"Mirand'o chao", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 20-IX-1951.

"Cantiga", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 30-IX-1951.⁸⁰

"¡Ay!", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 30-IX-1951.

"Mirand'o chao", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

"Canto ao idioma galego", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.⁸¹

"Cantiga", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

"Nouturnio", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

"A Virxe do Cristal (fragmentos)", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

"Na morte di (sic) miña nay", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

"Tangaraños", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

"O Mayo (fragmento)", *Lugo* (Bos Aires), setembro de 1951.

"Encomenda", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-X-1951.

76. "Evocación de Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

77. "El Proceso a Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

78. "Nota de Curros Enríquez: A Virxe do Cristal", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 20-IX-1951.

79. É a reprodución dun fragmento da "Introdución" de *Aires da miña terra*.

80. Neste texto falta o derradeiro verso.

81. É a reprodución dun fragmento da "Introdución" de *Aires da miña terra*.

Verbo dos poemas non compilados por Curros en ningún dos seus libros, as publicacións de fóra da Terra reproduciron os que indicamos a continuación:

"A espiña", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

"A Rosalía", *Opinión Gallega* (Bos Aires), setembro de 1951.

"A nena n-a fonte", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

"A Cristobo Colombo (Soneto)", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

"Na tumba de Rosalía de Castro", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

Os comentarios sobre composicións de Curros que apareceron nesas datas foron igualmente abundantes. Sirva como exemplo a reprodución dun texto composto orixinalmente por Segismundo Moret en marzo de 1908. Trátase dunha serie de breves consideracións que glosan o poema "Nouturnio" de Curros, na cal Moret salienta o fondo pesimismo que encerra o poema e que relaciona coa infinita tristura que translocen os versos de Leopardi.⁸² Celso Collazo, nun artigo moi elaborado, subliña que a poesía de Curros, produto dunha tumultuosa espontaneidade, carece, en liñas xerais, de grandes artificios. Para el, o poeta xoga con situacións e conceptos antes que con efectos verbais. Por outra banda, chama a atención sobre a viveza e o dramatismo de determinadas pasaxes de "A Virxe do Cristal", acentuados polo uso do octosílabo. O paso ó alexandrino e ó verso quebrado, a introdución da rima interna e a alternancia co hendecasilabo son considerados por Collazo factores que priman a expresividade. A estes habería que unir outros elementos, como son o uso de diminutivos, a cor das vocais e os encabalgamentos suaves. Á parte do referido, o autor deste artigo resalta a disposición de determinados fonemas na composición "Muiñeira monorrítmica" na procura dun efecto eufónico e suxestivo. Todo o contrario que na elegía "¡Ai!", onde o lirismo non precisaría de artificios para conmove-lo lector.⁸³

Desde Bos Aires, Leopoldo da Rúa facía fincapé na relevancia de *O divino sainete* no conxunto da produ-



Alcalá Zamora xustificaba a súa asistencia á inauguración do monumento a Curros na Coruña en 1934 polo feito de ser homenaxeado un dos fillos máis insignes de Galicia e de España e, ademais, precursor do réxime imperante: a República.

Óleo de Eugenio Hermoso.

ción poética de Curros, relegando "A Virxe do Cristal" por considerala unha composición de circunstancias, escrita para optar a un certame literario. Maior relevo tiñan na súa opinión poemas de corte costumista, como "Unha boda en Einibó", ou declaradamente cívicos, como "Mirando ó chau".⁸⁴ Independentemente de que se concordase ou non co seu xuízo, resulta cando menos rechamante que nin sequera nos diarios de alén mar se inserisen fragmentos de *O divino sainete*. Por descontado, para os responsables dos diarios da Terra resultaría moi difícil xustificar diante da censura a inclusión dos ditos fragmentos.

Por último, respecto das homenaxes líricas, hai que facer constar a reprodución do poema que Pondal dedicou a Curros tras difundirse a noticia do seu pasa-

82. Moret, Segismundo, "Escuchando el Nouturnio", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 30-X-1951.

83. Snad, Antonio [Collazo, Celso], "Manuel Curros Enríquez. III: Los versos engarzados", *La Noche* (Santiago de Compostela), 6-VIII-1951.

84. Da Rúa, L., "Manoel Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 30-III-1951.

mento en 1908⁸⁵ ou a elexía asinada por Salvador Rueda en marzo de 1908.⁸⁶ Os epicedios máis modernos publicados en América foron a "Elexía a Curros, neno" de Celso Emilio Ferreiro⁸⁷ e maila composición "Dende o ceo da tua inmortalidade", asinada por Bernaldo Souto.⁸⁸

7. ACTIVIDADES LEVADAS A CABO EN GALICIA EN 1967

Entre as conmemoracións realizadas en Santiago de Compostela con ocasión da efeméride, a prensa galega destacou a conferencia a cargo do profesor Ricardo Carballo Calero sobre o tema "La poesía de Curros Enríquez".⁸⁹ O acto tivo lugar na Aula Magna da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade o día dezasete de maio, sendo presidido polo reitor Jorge Echeverei, o tenente de alcalde do concello compostelán naquela altura, García Rojas, e o decano da citada facultade, o profesor Otero Núñez.⁹⁰ Pechou o acto un recital de poemas de Curros a cargo dos alumnos universitarios Gloria Baamonde Traveso, Araceli Herrero Figueroa, María del Carmen Quintáns Vázquez, María Teresa Otero Sande, Ramón Fraga García e Antonio José López Acuña.⁹¹

Sumándose á celebración do Día das Letras Galegas, na inauguración do novo local social da *Casa de la Cultura*, sede da Asociación Cultural de Vigo, celebrouse unha conferencia do profesor Xesús Alonso Montero verbo da biografía e da obra de Curros. A esta seguiu un recital de poemas do escritor de Celanova a cargo de María Xosé Queizán Vilas e Miguel Ángel

Rosales Conde. Os actos rematarían cunha disertación do profesor Xosé Luís Méndez Ferrín sobre o ensino da lingua galega, na cal o conferenciante expuxo a situación das linguas minoritarias en Europa.⁹² Á marxe do referido, a estación radiofónica "La Voz de Vigo" emitiu un recital de poemas de Curros Enríquez ás once menos cuarto da mañá. Ás sete da tarde houbo un programa especial verbo do tema "Diez siglos de música gallega". Polo que fai a "Radio Vigo", esta estación dedicou parte da súa emisión a debater propostas como a creación dunha Cátedra de Lingua e Literatura Galegas na universidade compostelá.⁹³ Tocante ó xornal *El Pueblo Gallego*, este medio inseriu unha páxina integramente dedicado a Curros na súa edición do día dezasete de maio, reproducindo poemas do escritor de Celanova xunto cun pequeno texto da autoría de Ramón Cabanillas.⁹⁴

En canto ás celebracións levadas a cabo en Pontevedra, a prensa informou acerca da lección maxistral que o profesor Filgueira Valverde pronunciou o día dezaseis de maio sobre o *Resurgimiento de las Letras Gallegas en el siglo XIX* no paraninfo do Instituto Masculino da cidade.⁹⁵ Ademais, o salón do Ateneo albergaría o Día das Letras Galegas unha conferencia de Arcadio López-Casanova sobre a vida e a obra do escritor de Celanova. A velada rematou cun recital poético sobre textos de Curros ofrecido por un grupo de mozos pontevedreses.⁹⁶

En Lugo, o *Clube Cultural Valle-Inclán* ofreceu o día dezaseis no paraninfo da Escola de Comercio unha velada literaria en homenaxe a Curros Enríquez na que participaron os escritores López-Casanova e Xavier Carro Rosende con conferencias verbo dos temas "A poesía de Curros"

85. Pondal, Eduardo, "O proscrito de Almedares a Curros Enríquez" *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 20-IX-1951.

86. Rueda, Salvador, "Magna ofrenda a Curros Enríquez", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

87. Ferreiro, Celso Emilio, "Elexía a Curros, neno", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-X-1951.

88. Souto, Bernaldo, "Dende o ceo da tua inmortalidade", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 10-IX-1951.

89. "Día das Letras Galegas", *Faro de Vigo* (Vigo), 12-V-1967; "Conmemoración del Día de las Letras Gallegas", *El Correo Gallego* (Santiago de Compostela), 16-V-1967. Polo que fai ó contido da dita conferencia, vid. R[icardo] C[arballo] C[alero], "Poesía de Curros Enríquez", *Grial* (Vigo), 18, outubro-diciembre de 1967.

90. "Ayer se celebró el Día de las Letras Gallegas", *El Correo Gallego* (Santiago de Compostela), 18-V-1967.

91. "Día de las Letras Gallegas", *Faro de Vigo* (Vigo), 11-V-1967; "Actos del Día de las Letras Gallegas", *El Correo Gallego* (Santiago de Compostela), 11-V-1967. Os poemas recitados nesta celebración foron "A Virxe do Cristal", "¡Ai!", "O último fidalgo", "Nouturnio", "Encomenda", "A Luciano Puga" e "A Rosalía".

92. "Se inaugura mañana el local de la Asociación Cultural de Vigo", *La Noche* (Santiago de Compostela), 11-V-1967; "En el Día das Letras Galegas", *Faro de Vigo* (Vigo), 17-V-1967; "Brillante celebración del Día das Letras Gallegas", *La Noche* (Santiago de Compostela), 18-V-1967.

93. "Brillante conmemoración literaria del Día das Letras Gallegas", *Faro de Vigo* (Vigo), 18-V-1967.

94. Os poemas escolmados foron "Adiós a Galicia", "Tangaraños", "Nouturnio", "O gueiteiro" e "¿Como foi...?".

95. "Filgueira Valverde habló sobre *Resurgimiento de las Letras Gallegas en el siglo XIX*", *Faro de Vigo* (Vigo), 17-V-1967.


96. "La conmemoración del Día de las Letras Gallegas", *Faro de Vigo* (Vigo), 18-V-1967.

e "Curros, desde hoxe".⁹⁷ O acto cerrárase coa lectura dunha serie de poemas do autor de *Aíres da miña terra*.⁹⁸ Ademais, Xaime Ceide, párroco de Gomeán, oficiou unha misa en galego na igrexa parroquial de Santiago.⁹⁹

Polo que concirne a Ferrol, Xesús Alonso Montero pronunciou unha conferencia sobre Curros o día dezaseis de maio.¹⁰⁰ Dous días despois, Carlos Casares faría unha disertación na *Sociedad Ferrándiz* da mesma cidade sobre o tema "Curros i a súa condición".¹⁰¹ Máis discreta foi a repercusión da efeméride en Ourense, onde a data sería celebrada coa inauguración de dúas exposicións no Museo Arqueolóxico: unha de carácter bibliográfico e documental e a outra de pintura e debuxo.¹⁰²

Na Coruña, a Real Academia Galega fixo o día dezasete unha ofrenda floral perante a tumba do escritor, ademais de organizar un festexo no *Conservatorio de Música y Declamación* que incluíu dúas conferencias: unha de Sebastián Martínez-Risco, presidente da Academia, e outra de Emilio Vila, membro da asociación cultural "O Facho".¹⁰³ O acto pechouse cun recital de poemas de Curros a cargo dos alumnos do Conservatorio Ángel Rodríguez Díaz e Antonio Santiago Montero,¹⁰⁴ amais da interpretación musical das composicións do escritor de Celanova "A Mariquiña Puga" e "Cántiga" por parte do seu propio neto, o barítono Adelardo Curros Irazoqui, acompañado ó piano por Honoria Goicoa.¹⁰⁵

Por outra banda, a entidade "O Facho" organizou a súa propia ofrenda floral diante do monumento a Curros situado nos xardíns de Méndez Núñez,¹⁰⁶ acompañada dunhas palabras de Manuel Figueirido Feal, director do "Colexio Curros Enríquez" da cidade herculina, e dunha lectura poética que incluíu a actuación do grupo de



Entre as conmemoracións realizadas en Santiago de Compostela en 1967, a prensa galega destacou a conferencia a cargo do profesor Ricardo Carballo Calero sobre o tema "La poesía de Curros Enríquez".

gaitas infantil do mencionado centro educativo.¹⁰⁷ Así mesmo, na sede da *Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos* celebrouse un acto literario no que o profesor Manteiga Pedrares, director do Instituto Feminino de Ensino Medio de Ferrol, falou sobre a vida e a obra de Curros.¹⁰⁸ O devandito acto finalizou con dous recitais: un de nova poesía a cargo de Manuel María e Alfonso Gallego Vila, e outro de composicións de Curros realizado por Andrés Rey Fernández. De xeito paralelo ás

97. "Hoy, acto literario de las Letras Gallegas. Hablarán Carro Rosende y López-Casanova", *El Progreso* (Lugo), 16-V-1967.

98. "Acto-homenaje a Curros", *El Progreso* (Lugo), 17-V-1967.

99. "D. Jaime Ceide ofició una misa en gallego", *El Progreso* (Lugo), 18-V-1967. Convén sinalar que, en principio, estaba previsto que a homilía fose pronunciada polo crego Ángel Silva ("Por primera vez una misa gallega en la ciudad", *Faro de Vigo* [Vigo], 17-V-1967).

100. Novo, S., "Crónica do Día das Letras Gallegas", *Nova Galicia. Revista de Cultura y Política* (París), 2º trimestre de 1967.

101. "[Notas]", *La Noche* (Santiago de Compostela), 17-V-1967.

102. "Día das Letras Galegas", *La Región* (Ourense), 17-V-1967.

103. "Al gran vate orensano fue dedicado el Día de las Letras Gallegas", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 18-V-1967.

104. "El Día de las Letras Gallegas", *La Voz de Galicia* (A Coruña), 16-V-1967.

105. "El [1]7 Día de las Letras Gallegas", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 14-V-1967; "Mañana, Día de las Letras Gallegas", *La Noche* (Santiago de Compostela), 16-V-1967.

106. Segundo se desprende do testemuño de Mario Velo, o conxunto escultórico da autoría de Asorey foi oportunamente adecentado para a ocasión pola corporación municipal, quizais non moi dilixente coa antedita tarefa en datas anteriores á efeméride (Velo, Mario, "Desde los Cantones. La estatua de Curros Enríquez, adecentada", *La Noche* [Santiago de Compostela], 18-V-1967).

107. "Hoy, Día de las Letras Gallegas", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 17-V-1967.

108. "El 17 de mayo se celebrará en La Coruña el Día de las Letras Gallegas", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 13-V-1967.



Os actos rematarían cunha disertación do profesor Xosé Luís Méndez Ferrín sobre o ensino da lingua galega, na cal o conferenciante expuxo a situación das linguas minoritarias en Europa.

Caricatura de Luis Seoane.

susoditas celebracións, celebrouse unha feira do libro galego no Cantón Grande.¹⁰⁹

8. CELEBRACIÓNS REALIZADAS NO RESTO DE ESPAÑA EN 1967

Unicamente cabe sinala-la inclusión nos distintos órganos de expresión das colectividade galegas de poe-

mas de Curros ou reflexións verbo da súa figura e da súa obra. Así, o voceiro da Casa de Galicia en Valladolid acolleu un artigo do escritor de Celanova¹¹⁰ e unha colaboración de Ricardo Carballo Calero.¹¹¹ Tamén habería que salienta-la reprodución do poema "Cántiga" nas páxinas da publicación do *Centro Gallego* de Zaragoza.¹¹²

9. HOMENAXES PROMOVIDAS POLAS SOCIEDADES GALEGAS NO EXTERIOR EN 1967

Fóra da Península, convén destaca-la disertación que Xesús Alonso Montero ofreceu na Casa de Galicia en París o vinte e sete de maio, acompañada polos versos que o escritor galego Manuel Lueiro Rey dedicou ó autor homenaxeado.¹¹³ En Bos Aires, o *Centro Gallego* dedicou no Día das Letras Galegas dúas conferencias a Rosalía de Castro, pronunciadas por José Iglesias Rivadulla e José A. Oría, ademais dunha ofrenda floral depositada diante da estatua situada no vestíbulo desta institución.¹¹⁴ A dita ofrenda resultou moi polémica, xa que malia que estivese previsto realizar unha segunda ofrenda por parte da *Federación de Sociedades Gallegas*, esta última non chegou a celebrarse por mor da negativa das autoridades do *Centro Gallego*, chegando mesmo a intervi-la policía para disolve-la comitiva da Federación. Á marxe destes incidentes, a Federación dispuxo dúas conferencias en lembranza de Curros a cargo de Alberto Vilanova e Corbacho Monteagudo no Centro Ourenán, acto que se pecharía coa intervención da agrupación artística "Breogán".¹¹⁵ O Centro Lucense celebrou a data cunha conferencia de José Blanco Amor sobre Rosalía de Castro, ilustrada cunha escolma de poemas recitados por Isabel Maciel de Cutzarida.¹¹⁶

A Irmandade Galega de Caracas festexou o Día das Letras Galegas cunha lectura de poemas de Curros e

109. "Actos del Día de las Letras Gallegas", *La Voz de Galicia* (A Coruña), 13-V-1967; "El Día de las Letras Gallegas fue celebrado brillantemente", *La Voz de Galicia* (A Coruña), 18-V-1967.

110. Curros Enríquez, M., "La mujer gallega", *Abrente* (Valladolid), maio de 1967.

111. Carballo Calero, Ricardo, "Curros e a poesía actual", *Abrente* (Valladolid), maio de 1967.

112. Curros Enríquez, [Manuel], "Cántiga", *Santiago Apóstol* (Zaragoza), xullo de 1967.

113. "Curros Enríquez ou a poesía como loita", *Nova Galicia. Revista de Cultura y Política* (París), 2º trimestre de 1967.

114. "El Día de las Letras Gallegas en Buenos Aires", *La Voz de Galicia* (A Coruña), 18-V-1967; "Día de las Letras Gallegas", *Galicia* (Bos Aires), maio-xuño de 1967.

115. "Se conmemorou o Día das Letras Galegas", *Galicia. Federación de Sociedades Gallegas* (Bos Aires), 30-V-1967.

116. J.V.S., "Día de las Letras Gallegas", *Lugo* (Bos Aires), maio de 1967.

unha mostra de libros galegos,¹¹⁷ mentres que *Casa Galicia-Unidad Gallega* de New York conmemorou a efeméride a través dunha velada literaria que tivo lugar o vinte e un de maio. Nela interviñeron Antonio Álvarez, Leonardo Santamarina, Emilio González López e Juan Martínez Castro.¹¹⁸


10. XUÍZOS SOBRE CURROS E A SÚA OBRA NAS PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS GALEGAS EN 1967

Co gallo das celebracións realizadas arredor do Día das Letras Galegas dese ano, moitos intelectuais colleron a pluma para deixar constancia por escrito dos valores da poesía de Curros ou para exalta-la súa figura. Houbo colaboracións cun contido que poderíamos cualificar de circunstancial, aínda que tamén houbo quen achegou datos de interese en relación con determinados capítulos escuros na experiencia vital do autor homenaxeado, por exemplo o artigo asinado por Andrés Martínez-Morás.¹¹⁹ En liñas xerais, a maioría das colaboracións ofreceron reflexións de interese e achegaron propostas de valoración ou interpretación da lírica do escritor de Celanova. Neste sentido, Celso Emilio Ferreiro salientou a vixencia do pensamento progresista de Curros perante a situación actual da sociedade en Galicia, amais de rexeita-la simple imitación de estéticas herdadas de autores como Victor Hugo ou Guerra Junqueiro.¹²⁰ En cambio, Salvador Poyo, a través do testemuño de Manuel Abril, empregado do *Diario de la Marina*, acredita no coñecemento que da obra de Walt Whitman posuía Curros, o cal se vería reflectido na poesía deste último.¹²¹

Fernández del Riego, baixo o pseudónimo de Salvador Lorenzana, apreciou innegables calidades líricas nos poemas máis combativos do escritor de Celanova, amais de colocalo no triunvirato da lírica galega decimonónica, a carón de Pondal e Rosalía.¹²² Pola súa

En canto ás celebracións levadas a cabo en Pontevedra, a prensa informou acerca da lección maxistral que o profesor Filgueira Valverde pronunciou o día dezaseis de maio sobre o "Resurgimiento de las Letras Gallegas en el siglo XIX" no paraninfo do Instituto Masculino da cidade.

Caricatura de
Castelao



parte, Carballo Calero resaltou tanto o sentido cívico como a mestría compositiva amosada por Curros en moitos dos seus textos, en clara discordancia co social-realismo prosaico que predominaba na poesía galega contra 1967.¹²³ Así mesmo, o intelectual ferrolán subliñou que, independentemente do maior ou menor grao de afinidade coa ideoloxía que profesaba Curros, a maioría dos seus coetáneos recoñecían na lírica do de Celanova un talento poético que o situaba a carón de autores coma Rosalía ou Pondal. Críticos da súa obra como o Padre Blanco ou Pedreira, radicalmente opostos ó pensamento de Curros debido ó anticlericalismo e republicanismo deste último, conviñan, non obstante, en outorgar un lugar destacado na nosa literatura ó vate de Celanova.¹²⁴ En relación co susodito, cómpre salienta-la reivindicación da personalidade de Curros desde unha perspectiva humanística e fundamente relixiosa que recolle o artigo "La vigencia de Curros Enríquez", artigo que apareceu nas páxinas de *La*

117. "O Día das Letras Galegas", *Irmandade* (Caracas), maio de 1967; "Na Irmandade Galega...", *Irmandade* (Caracas), xuño-xullo de 1967.

118. "Día de las Letras Gallegas", *Casa Galicia. Unidad Gallega* (New York), 1966-1967.

119. Martínez-Morás y Soria, Andrés, "Sobre la emigración de Curros Enríquez", *Grial* (Vigo), 16, abril-xuño de 1967.


120. Ferreiro, Celso Emilio, "Curros Enríquez aínda está vivo", *Nova Galicia. Revista de Cultura y Política* (París), 2º trimestre de 1967.

121. Poyo, Salvador, "Curros y Whitman", *Faro de Vigo* (Vigo), 17-V-1967.

122. Lorenzana, Salvador [Fernández del Riego, Francisco], "Curros e a súa terra", *Irmandade* (Caracas), marzo-abril de 1967.

123. Carballo Calero, Ricardo, "Curros e a poesía actual", *Abrente* (Valladolid), maio de 1967.

124. Carballo Calero, Ricardo, "Popularidade de Curros", *Faro de Vigo* (Vigo), 17-V-1967.



Carlos Casares faría unha disertación o dezaoitto de maio na "Sociedad Ferrándiz" de Ferrol sobre o tema "Curros i a sua condición".

Noche asinado co pseudónimo Anxo.¹²⁵ Igualmente, Suárez Serantes considera a Curros como crente (ben que non practicante) mercé a diferentes testemuños documentais e persoais non doadamente verificables, sendo ademais a interpretación da biografía do autor de *Aires da miña terra* feita polo citado crítico notablemente subxectiva.¹²⁶

O profesor Alonso Montero foi un dos intelectuais que maior número de contribucións ofreceu con ocasión da conmemoración de Curros. Neste sentido, o referido estudioso reflexionou sobre o xeito no que o particular estilo do escritor de Celanova se mantén mesmo nos poemas de circunstancias, malia que sexan precisamente os poe-

mas descritivos os que reflicten un meirande número de acertos estilísticos. Á hora de elabora-la súa produción lírica, Curros sèrvese tanto do galego coma do castelán en función do destinatario moral da súa obra. Con todo, Alonso Montero apuntou que só no galego da área lingüística á que pertence o poeta sente a comunión co seu pobo.¹²⁷ Por outra banda, o mencionado profesor puxo de relevo nestas datas a clarezza exhibida na lírica de Curros respecto das causas da emigración, fronte ó que acontece na poesía de escritores coetáneos. Así mesmo, Alonso Montero incidiu na marxinação da que fora obxecto o escritor de Celanova por mor do seu compromiso contra o escurantismo, a inxustiza e a explotación.¹²⁸

Mención á parte merece a crítica que Alonso Montero fixo a determinados silencios e actitudes que rodearan os actos de homenaxe a Curros no centenario do seu nacemento, amais de analiza-la recepción da súa obra por parte da crítica e mailo ascendente que exerceu sobre outros poetas galegos.¹²⁹ En relación cos xuízos do citado profesor, parécenos significativo destacar que foron realmente poucos os intelectuais que reivindicaron os valores de *O divino sainete* mesmo en 1967, centrándose maioritariamente na exaltación de *Aires da miña terra*. De certo, falar da obra que Curros publicara en 1888 impoñía certo respecto ós críticos. De xeito anónimo, recoñecía-se a calidade do volume, aínda que, inevitablemente, se mesturase a filiación política do escritor cos froitos da súa pluma:

*En Curros es, primeramente, un asunto de republiquerías y papados: como se ve, cuestiones a las que no se les puede conceder trascendencia lírica (...). Fuera del desusado propósito que el poema acusa, es indudable que a éste puede calificársele, en justicia, como una de las obras ilustres entre las de la literatura ironista de todo el mundo.*¹³⁰

Con todo, convén reproducir algúns dos parágrafos que a crónica elaborada para o xornal *El Ideal Gallego* dedicou á intervención de Martínez-Risco nos actos programados pola Real Academia Galega para festexa-lo Día das Letras Galegas. En calidade de presidente da antedita

125. Anxo, "La vigencia de Curros Enríquez", *La Noche* (Santiago de Compostela), 17-V-1967.

126. Suárez Serantes, Manuel, "Perfil humano de Curros Enríquez", *El Correo Gallego* (Santiago de Compostela), 17-V-1967.

127. Alonso Montero, Jesús, "Tres notas sobre el estilo de Curros", *Faro de Vigo* (Vigo), 17-V-1967.

128. Alonso Montero, Xesús, "Curros e a emigración", *La Noche* (Santiago de Compostela), 17-V-1967.

129. Alonso Montero, Xesús, "Curros Enríquez ou a poesía como loita", *Grial* (Vigo), 17, xullo-setembro de 1967.

130. "El poeta rebelde", *El Pueblo Gallego* (Vigo), 17-V-1967.

institución, as palabras de Martínez-Risco poden ser tomadas como representativas dun sentir común, e certamente, a postura da Academia en 1967 difire notablemente das precaucións adoptadas nas declaracións públicas que os seus membros fixeran en 1951. Así expresaba Martínez-Risco a elección de Curros como homenaxeado na terceira edición do Día das Letras Galegas e así postulaba o recoñecemento da lírica do escritor de Celanova, lonxe do escurantismo e de posibles reticencias derivadas do compromiso de Curros coa Terra:

El señor Martínez-Risco justificó los deseos de la Real Academia Gallega en recordar en tan significativa efeméride a Curros Enríquez. Señaló que al hacerlo se cumplía un doble deber: el de justicia literaria y el de ejemplaridad patriótica del vate de Celanova (...). En cuanto a la producción de Curros Enríquez, el señor Martínez-Risco analizó "O gaitero" y "Unha boda en Einibó" para detenerse después en la cuerda épica centrando su atención en O divino sainete. Este poema dedicado a la mocedad gallega, aclaró el orador, fue torcidamente interpretado en su tiempo por cuanto en la introducción Curros hace una declaración de propósitos de tipo moral que cualquier creyente u hombre de bien tiene que aceptar al encomendar sus versos a las "triadas valentes" este oficio justiciero delante de la conducta del hombre.

Subrayó el señor Martínez-Risco la ejemplaridad de la conducta de Curros, quien pese a los avatares de su vida –pobreza, emigración e injusticia– olvidó sus propias heridas para dedicarla a combatir en cuanto eran llagas de su pueblo. Estas razones, dijo, y no otras fueron las que habían animado a dedicar el Día de las Letras Gallegas a recordar la figura y la obra del insigne poeta.¹³¹

11. CONCLUSIONES

Tralo exame das distintas novas, recensións e artigos publicados por norte do centenario do nacemento de Curros e co gallo do Día das Letras Galegas de 1967, podemos inferir que, entre un e outro acontecemento, a sociedade galega deu un paso adiante na reivindicación da personalidade e de páxinas moi concretas da produción lírica



Na sede da "Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos" celebrouse un acto literario que finalizou con dous recitais: un de nova poesía a cargo de Manuel María e Alfonso Gallego Vila, e outro de composicións de Curros realizado por Andrés Rey Fernández.

Manuel María visto por Xaquín Marín.

de Curros: aquelas que recollían o seu pensamento cívico, menosprezadas ou agachadas por autoridades e intelectuais conservadores. Con maior ou menor énfase, posto que as circunstancias políticas do momento impedían determinadas manifestacións na prensa, as calidades humanas e literarias do escritor de Celanova, calidades que o situarían con toda xustiza a carón de Pondal, Lamas Carvajal e Rosalía, foron expostas por diferentes estudosos arredor das citadas efemérides, destacando a admiración e o influxo que espertaran na súa época, así como a vixencia que aínda mantiñan os ideais de Curros. Mercé ás celebracións de 1951 e 1967, o silencio e a marxinação que acoutaban a figura e maila obra do autor de *Aires da miña terra* e *O divino sainete* cederon ó abalo da sociedade galega, que tributou naquelas datas sentidas e merecidas homenaxes ó cidadán e ó escritor Manuel Curros Enríquez.

131. "Al gran vate orensano fue dedicado el Día de las Letras Gallegas", *El Ideal Gallego* (A Coruña), 18-V-1967.